

10. Obtención de documentación e información.

Dependencia: Oficina de Contratación do Concello de Ribeira.

Domicilio: praza do Concello, nº 1, Ribeira (A Coruña), CP 15960.

Teléfono: 981 83 54 17, extensión 214.

Fax: 981 87 16 10.

Enderezo da internet do perfil de contratante: www.riveira.es.

Data límite para a obtención de documentación e información: ata o día de finalización do prazo para presentar as ofertas.

Ribeira, 5 de abril de 2010.

José Luis Torres Colomer
Alcalde

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio de licitación por procedemento aberto, para a contratación da subministración nun só lote dun equipo para o transporte de biomasa, consistente nun camión con sistema de gancho para contedores, remolque de dous eixes para este camión e furgoneta de apoio equipada, con destino ao Servizo de Augas e Medioambiente da Área de Infraestruturas da Deputación Provincial de Ourense, cofinanciado nun 70% mediante axudas do Feder da UE-eixe 5 desenvolvemento local e urbano-período 2007-2013 p.o. rexional de Galicia, convocatoria 2007, a través do proxecto Arraiano.

No perfil do contratante da Deputación Provincial de Ourense, na páxina web www.depourense.es, publícanse íntegros os pregos de condicións para a contratación, mediante procedemento aberto, da subministración nun só lote dun equipo para o transporte de biomasa, consistente nun camión con sistema de gancho para contedores, remolque de dous eixes para este camión e furgoneta de apoio equipada, con destino ao Servizo de Augas e Medioambiente da Área de Infraestruturas da Deputación Provincial de Ourense, cofinanciado nun 70% mediante axudas do Feder da UE-eixe 5 desenvolvemento local e urbano-período 2007-2013 p.o. rexional de Galicia, convocatoria 2007, a través do proxecto Arraiano, cun tipo de licitación de 195.000 euros (IVE, e demais impostos incluídos), integrado pola suma dos importes do valor estimado da subminis-

tración (168.103,45) e o IVE aplicable (26.896,55 euros). As proposicións presentaranse ata as 14.00 horas do décimo quinto (15º) día natural contado desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no rexistro da Deputación Provincial de Ourense. A apertura de proposicións terá lugar de conformidade co disposto na cláusula XIII do prego de condicións, que será facilitado gratuitamente aos que o soliciten, no rexistro da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso nº 32 ou por teléfono: 988 38 52 02 e fax: 988 38 51 84.

Ourense, 5 de abril de 2010.

José Luis Baltar Pumar
Presidente da Deputación Provincial de Ourense

e) OUTROS ANUNCIOS

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

Anuncio da convocatoria do Programa específico de axudas para deportistas galegos/as de alto nivel. Edición 2009.

Bases: na sede da *Fundación Deporte Galego*, Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou na páxina web oficial www.deportegalego.es. Teléfono 881 99 98 40. Fax 881 99 98 42.

Lugar de presentación: a instancia de solicitude e a documentación correspondente serán presentadas no Rexistro da *Fundación Deporte Galego*: Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4 (15781 Santiago de Compostela).

Os/as interesados/as poderán tamén presentar as súas instancias mediante correo certificado, nos termos previstos no Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, que aproba o Regulamento dos servizos postais.

Prazo: o prazo de presentación das solicitudes será de 30 días naturais contado desde o seguinte día da publicación do anuncio destas bases no *Diario Oficial de Galicia*.

Resolución: conforme os criterios establecidos nas bases, o prazo máximo para ditar e notificarlles aos/ás interesados/as a resolución expresa das axudas será de catro meses a partir do día seguinte ao que remate o prazo de presentación das solicitudes.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2010.

José Ramón Lete Lasa
Vicepresidente executivo da *Fundación Deporte Galego*